

Opinión Hoxe

opinlon@galicia-hoxe.com
DÍA A DÍA

Da carraxe e da paixón



PLÁCIDO
LIZANCOS
SANTOS

Onte, mércores 19, ás 8 da tarde, na Galería Sargadelos da rúa Real, asistimos á presentación dun fermoso poemario, con que nos agasalla de novo o prolífico médico-poeta, Xosé Manuel Cairo Antelo. Son cincuenta e un poemas íntimos: *Ceguei ata ti, O teu xeito de te dar, Amarse non é ferirse, Soñei o teu soño, Porque vivir dun recordo, Eu ameite no silencio...*, nun galego requintado. Presentaron a criatura outros tres vates consagrados, Miguel Anxo Fernán-Vello, Xulio Valcárcel e Fidel Vidal, nun local ateigado dun público selecto. *Da carraxe e da*

paixón, título significativo e simbólico, sen claves de dubidosos misterios, expresión dunhas vivencias moi humanas, en bela edición, dirixida polo director literario de Espiral Maior, Fernán-Vello.

O poeta Dr. Cairo Antelo amósanos a través da súa poesía unha sensibilidade pouco común, non en van é médico. Reclamado por unha profunda vivencia da linguaxe e polas avasalantes e contraditorias incitacións do home: o amor, as terribles paixóns, a carraxe, a rabia, do desexo *Non atendes a miña querencia. Non tes voz?* (páx. 56). O sexo e o amor xogan papel esencial na poesía do Dr. Cairo; pero a isto engádese o drama cotián e aniquilante do home: a escura e continua vivencia do desconcerto existente entre os soños e a realidade; hai en todos os seus poemas unha lúcida e conmovedora evocación da vida pasada,

O Poeta Cairo Antelo mergúllase no idealismo voluptuoso do amor

unha aproximación á tenrura do corazón en medio da abolida felicidade do mundo. Un risco dominante en *Da carraxe e da paixón* podería ser a terrible evidencia de verse desterrado en medio da sociedade e á vez sentirse movido por un irreductible e solidario pulo de compenetración. O desterro en medio dos homes; a desgraza e o devorante enigma de amor: velaí o drama profundo no universo do poeta Xosé Cairo. Para min é un drama vivido con lucidez, con honrada reciedume, non sen certo orgullo e desdén. Hai poemas incisivos, desapiadados, irreductible a calquera outra expresión.

Poesía emocional do seu mundo interior o que nos ten acostumado co seu poemario anterior *Do xermolar...* sen querer encadrarlo nunha temática aprisioadora. Nestes 51 poemas, de verso branco, libre, mergúllase no idealismo voluptuoso do amor. Aquí está presente o ton propio, a forma íntima; todo moi lonxe dese aire enigmático calculado. Este poemario revela unha lingua viva, sensible.

Un libro cheo de confesións e verdades lacerantes ata o seu final. Confesións que enaltecen e deixan ó vivo toda unha intimidade, sen rubor nin falsidades. O Dr. Cairo, como poeta, non conquistou o ridículo coa súa tenrura, escoitando ó corazón. Os seus poemas son verdadeiros exercicios creadores son o reencontro cos problemas dominantes das súas existencia, da nosa existencia que paga a pena ler.●